

INVERTEBRADOS

1. Que clase de animais non teñen esqueleto interno?
2. Que animais teñen o corpo con forma de saco e cheo de poros?
3. Cales son os animais máis numerosos, os vertebrados ou os invertebrados?
4. Os bivalvos, caracois e cefalópodos son os...
5. Dos artrópodos o grupo máis numeroso son os...
6. Que grupo de animais ten o corpo brando e alongado (sen patas) e poden ser terrestres ou acuáticos?
7. Que grupo de animais ten o corpo Xelatinoso e con tentáculos con veneno?

8. As estrelas e os ourizos de mar son os...
9. Que grupo de animais ten o seu corpo protexido por dúas cunchas?
10. Que grupo de animais ten unha soa cuncha enrolada en espiral?
11. Teñen 5 brazos e móvense gracias a uns pés pequeniños que teñen nos brazos...
12. Teñen moitas espiñas que lles axudan a desprazarse e a protexerse...

13. Que grupo de animais ten o seu corpo dividido en tres partes: cabeza, tórax e abdome?

14. Os insectos son ovíparos, dos seus ovos saen as...

15. Que tipo de animais realizan a metamorfose?

16. Que animais teñen 8 patas e carecen de antenas?

17. Os escorpións, que clase de animais son?

18. As gambas son...?

19. Os insectos, arácnidos, crustáceos e miriápodos son...?

20. Que clase de animais ten o corpo dividido en segmentos e ten numerosas patas?

21. Que tipo de artrópodos ten ás?

22. As eirugas convértense en...